| **Deficiente** (entre 0 e 0,14) | Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto. |
| **Insuficiente** (entre 0,15-0,24) | **Coñecementos:** resposta confusa ou incompleta.<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas. |
| **Aprobado** (entre 0,25 e 0,34) | **Coñecementos:** resposta básica que fai referencia ao seguinte:<br>-Unha das partes dun feudo, constituída polas parcelas que o señor feudal distribuía entre o campesiñado para a súa subsistencia.<br>**Redacción**: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple. |

selectividad.academy

| | |
|---|---|
| **Notable** (entre 0,35 e 0,44) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado).<br>-A reserva ou dominio do señor ocupaba as mellores terras e estaba sometido a súa explotación directa.<br>-A cambio do dereito de uso sobre esas terras o campesiñado debía entregar ao señor unha parte da colleita ou pagar algunhas rendas.<br>-O campesiñado tamén debían traballar nas terras señoriais algúns días ao ano e axudar ao mantemento do feudo.<br>-**Redacción:** correcta. |
| **Sobresaliente** (entre 0,45 e 0,5) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable).<br>-Ademais das rendas, o campesiñado tamén debían pagar polo uso de fornos ou muíños.<br>-Xunto coa reserva señorial, que dispoñía asemade de bosques e prados, os mansos constituían os elementos básicos de explotación dos feudos na Alta Idade Media.<br>-O campesiñado obtiñan do señor a súa protección militar.<br>**Redacción:** correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado.<br>**Capacidade de síntese**: a resposta non excede a extensión recomendada. |

Definición do termo **Terzos (ata 0,5 puntos)**

| | |
|---|---|
| **Deficiente** (entre 0 e 0,14) | Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto. |
| **Insuficiente** (entre 0,15-0,24) | **Coñecementos:** resposta confusa ou incompleta.<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas. |
| **Aprobado** (entre 0,25 e 0,34) | **Coñecementos:** resposta básica que fai referencia ao seguinte:<br>- Unidade militar de infantería creada por Carlos I no século XVI.<br>**Redacción**: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple. |
| **Notable** (entre 0,35 e 0,44) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado).<br>-Poden considerarse os primeiros exércitos profesionais, estando formados por soldados voluntarios e de recrutamento.<br>-Estaban asentados fundamentalmente nas posesións españolas en Europa.<br>-Destacaba pola súa eficacia e fama os Terzos de Flandres.<br>-A súa organización xa fora perfilada polos Reis Católicos.<br>**Redacción:** correcta. |
| **Sobresaliente** (entre 0,45 e 0,5) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable).<br>-A unidade estaba organizada en tres seccións, combinando o uso de armas brancas (picas, espadas) coas de fogo (arcabuces, mosquetes).<br>-Supuxeron un avance fundamental no proceso de modernización dos exércitos europeos da época.<br>-Os terzos consagraron o predominio da infantería fronte á cabalería dominante na guerra medieval.<br>-Os primeiros terzos organizáronse nos exércitos españois en Italia, e por iso os terzos italianos chamáronse "terzos vellos". |

selectividad.academy

| | |
|---|---|
| | **Redacción:** correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado.<br>**Capacidade de síntese**: a resposta non excede a extensión recomendada. |

Definición do termo **Despotismo Ilustrado (ata 0,5 puntos)**

| | |
|---|---|
| **Deficiente**<br>(entre 0 e 0,14) | Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto. |
| **Insuficiente**<br>(entre 0,15-0,24) | **Coñecementos:** resposta confusa ou incompleta.<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas. |
| **Aprobado**<br>(entre 0,25 e 0,34) | **Coñecementos:** resposta básica que fai referencia ao seguinte:<br>- Forma de goberno característica das monarquías absolutas europeas da segunda metade do século XVIII.<br>**Redacción**: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple. |
| **Notable**<br>(entre 0,35 e 0,44) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado):<br>-Mantendo os fundamentos do Antigo Réxime, aplicaba reformas baseadas nas ideas ilustradas.<br>-Pretendía promover o benestar dos súbditos sen alterar os principios esenciais do Antigo Réxime (absolutismo político e sociedade estamental).<br>**Redacción:** correcta |
| **Sobresaliente**<br>(entre 0,45 e 0,5) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable):<br>-Aplicou reformas sociais, económicas, educativas... baseadas nos principios de racionalización e progreso.<br>-Carlos III foi o seu máximo expoñente en España.<br>-As reformas foron paralizadas polo impacto causado polo triunfo da revolución francesa.<br>**Redacción:** correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado.<br>**Capacidade de síntese**: a resposta non excede a extensión recomendada. |

Definición do termo **Abdicacións de Baiona (ata 0,5 puntos)**

| | |
|---|---|
| **Deficiente**<br>(entre 0 e 0,14) | Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto. |
| **Insuficiente**<br>(entre 0,15-0,24) | **Coñecementos:** resposta confusa ou incompleta.<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas. |
| **Aprobado**<br>(entre 0,25 e 0,34) | **Coñecementos:** resposta básica que fai referencia ao seguinte:<br>-Renuncias sucesivas de Carlos IV e do seu fillo Fernando VII ao trono de España en favor de Napoleón Bonaparte.<br>**Redacción**: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple |
| **Notable**<br>(entre 0,35 e 0,44) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado).<br>-Napoleón interveu coa escusa de mediar nas disputas entre a familia real española. |

selectividad.academy 623 769 002 Prueba sin compromiso

| | |
|---|---|
| | -Fernando foi obrigado a devolver a coroa ao seu pai, quen a súa vez, cedeu os seus dereitos a Napoleón.<br>-A cambio, foron recompensados con cuantiosas posesións, rendas e privilexios en Francia.<br>-Tiveron lugar en 1808.<br>**Redacción:** correcta |
| **Sobresaliente** (entre 0,45 e 0,5) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable).<br>-Napoleón nomeou ao seu irmán Xosé como rei de España.<br>-Este acontecemento foi unha das causas da Guerra de Independencia española (1808-1813).<br>-As abdicacións evidenciaron o verdadeiro obxectivo de Napoleón: conseguir o baleiro de poder en España.<br>**Redacción:** correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado.<br>**Capacidade de síntese**: a resposta non excede a extensión recomendada. |

Definición do termo **Caciquismo (ata 0,5 puntos)**

| | |
|---|---|
| **Deficiente** (entre 0 e 0,14) | Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto. |
| **Insuficiente** (entre 0,15-0,24) | **Coñecementos:** resposta confusa ou incompleta.<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas. |
| **Aprobado** (entre 0,25 e 0,34) | **Coñecementos:** resposta básica que fai referencia ao seguinte:<br>-Prácticas levadas a cabo polos caciques que controlaban as eleccións, para garantir a quenda de partidos durante a Restauración borbónica iniciada en 1875.<br>**Redacción**: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple. |
| **Notable** (entre 0,35 e 0,44) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado).<br>-Baseábase na existencia de personalidades influentes a nivel local que controlaban unha circunscrición electoral.<br>-Os caciques actuaban mediante o uso da forza, a coacción e a venda de favores.<br>-Os caciques valíanse do seu poder económico, status e influenzas<br>-O caciquismo tiña máis forza nas zonas rurais<br>**Redacción:** correcta |
| **Sobresaliente** (entre 0,45 e 0,5) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable):<br>-Eran os caciques e non os electores quen decidían o resultado das eleccións.<br>-Os chanzos máis importantes nas relacións clientelares de poder eran: a oligarquía madrileña, os Gobernadores Civís e os caciques.<br>-Cos "favores" caciquís agradecían a fidelidade electoral.<br>-Todas estas prácticas explican a apatía electoral durante o período da Restauración.<br>-Lema dos caciques: "para os inimigos a lei, para os amigos o favor".<br>**Redacción:** correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado.<br>**Capacidade de síntese**: a resposta non excede a extensión recomendada. |

selectividad.academy

selectividad.academy 623 769 002 Prueba sin compromiso

Definición do termo **Bienio Negro (ata 0,5 puntos)**

| | |
|---|---|
| **Deficiente** (entre 0 e 0,14) | Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto. |
| **Insuficiente** (entre 0,15-0,24) | **Coñecementos:** resposta confusa ou incompleta.<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas. |
| **Aprobado** (entre 0,25 e 0,34) | **Coñecementos:** resposta básica que fai referencia ao seguinte:<br>- Etapa da II República (1931-1936), chamada tamén Radical-Cedista<br>-Protagonizada por un goberno de dereitas que desmantelou as reformas do anterior bienio de esquerdas.<br>**Redacción**: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple. |
| **Notable** (entre 0,35 e 0,44) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado):<br>- Datado entre novembro de 1933 e febreiro de 1936.<br>- Foi unha etapa encabezada por un goberno de dereitas presidido polo Partido Radical e co apoio da CEDA.<br>-Subvencionou o culto católico.<br>-Paralizou a reforma agraria e devolveu as terras ós antigos propietarios.<br>**Redacción:** correcta |
| **Sobresaliente** (entre 0,45 e 0,5) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable):<br>-O Partido Radical estaba encabezado por Lerroux e a CEDA por Gil Robles.<br>-O goberno exerceu unha dura represión na revolución que se organizou en Asturias e Cataluña en 1934.<br>**Redacción:** correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado.<br>**Capacidade de síntese**: a resposta non excede a extensión recomendada. |

selectividad.academy

Definición do termo **Sanjurjada (ata 0,5 puntos)**

| | |
|---|---|
| **Deficiente** (entre 0 e 0,14) | Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto. |
| **Insuficiente** (entre 0,15-0,24) | **Coñecementos:** resposta confusa ou incompleta<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas |
| **Aprobado** (entre 0,25 e 0,34) | **Coñecementos:** resposta básica que fai referencia ao seguinte:<br>- Golpe de estado contra o primeiro goberno da II República dirixido polo militar José Sanjurjo.<br>**Redacción**: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple |
| **Notable** (entre 0,35 e 0,44) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado).<br>**-**Os motivos do golpe foron a "depuración" militar e a deriva autonomista do goberno republicano-socialista.<br>-O golpe fracasou (pola pouca preparación e pola efectividade dos servizos de información do exército republicano).<br>**Redacción:** correcta |

selectividad.academy 623 769 002 Prueba sin compromiso

| | |
|---|---|
| **Sobresaliente** (entre 0,45 e 0,5) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable):<br>-Tivo lugar en Sevilla en agosto de 1932.<br>-Sanjurjo foi condenado a pena de norte e posteriormente amnistiado.<br>**Redacción:** correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado.<br>**Capacidade de síntese**: a resposta non excede a extensión recomendada. |

**Pregunta a desenvolver: Os pobos prerromanos da Península Ibérica (ata 3 puntos)**

| | |
|---|---|
| **Moi deficiente** (0) | Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta |
| **Deficiente** (entre 0,1 e 1) | **Coñecementos:**<br>-Resposta confusa, que revela a incomprensión da pregunta.<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas. |
| **Insuficiente** (entre 1,1 e 1,4) | **Coñecementos:**<br>**-**Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos.<br>**Redacción:** moi simple. |
| **Aprobado** (entre 1,5 e 2) | **Coñecementos:** resposta básica que incide nas seguintes cuestións:<br>-Principais características das culturas peninsulares existentes na Península durante a Idade do Ferro:<br>a) <u>pobos do sur e do Levante</u> (Tartessos e iberos).<br>b) <u>pobos meseteños.</u><br>c) <u>pobos do norte e do occidente</u> (referencia explícita aos trazos esenciais da cultura castrexa).<br>**Redacción:** texto formalmente correcto, pero expresión básica. |
| **Notable** (entre 2,1 e 2,6) | **Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema:**<br>-Resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explica cunha certa profundidade polo menos unha delas.<br>**Redacción:** correcta. |
| **Sobresaliente** (entre 2,7 e 3) | **Resposta con precisións e aclaracións:**<br>-Resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda nunha ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas.<br>**Redacción:** correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado.<br>**Capacidade de síntese**: a resposta non excede a extensión recomendada. |

**Pregunta a desenvolver: Reconquista e repoboación** (ata 3 puntos)

| | |
|---|---|
| **Moi deficiente** (0) | Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta. |
| **Deficiente** (entre 0,1 e 1) | **Coñecementos:**<br>-Resposta confusa, que revela a incomprensión da pregunta.<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas. |
| **Insuficiente** | **Coñecementos:** |

selectividad.academy 623 769 002 Prueba sin compromiso

| | |
|---|---|
| (entre 1,1 e 1,4) | **-**Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos.<br>Redacción: moi simple. |
| **Aprobado**<br>(entre 1,5 e 2) | **Coñecementos:** resposta básica que incide nas seguintes cuestións:<br>-A formación dunha serie de núcleos cristiáns na Península, en paralelo á constitución política de Al-Andalus.<br>-As principais etapas da Reconquista e os avances territoriais característicos de cada unha delas.<br>-O proceso de repoboamento, explicando os diferentes modelos de repoboación que se levaron a cabo en cada etapa.<br>**Redacción:** texto formalmente correcto, pero expresión básica. |
| **Notable**<br>(entre 2,1 e 2,6) | **Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema:**<br>-Resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explica cunha certa profundidade polo menos unha delas.<br>**Redacción:** correcta. |
| **Sobresaliente**<br>(entre 2,7 e 3) | **Resposta con precisións e aclaracións:**<br>-Resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda nunha ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas.<br>**Redacción:** correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado<br>**Capacidade de síntese**: a resposta non excede a extensión recomendada. |

**Pregunta a desenvolver: As crises baixomedievais** (ata 3 puntos)

| | |
|---|---|
| **Moi deficiente**<br>(0) | Resposta en branco o sen relación coa materia da pregunta. |
| **Deficiente**<br>(entre 0,1 e 1) | **Coñecementos:**<br>-Resposta confusa, que revela a incomprensión da pregunta.<br>-Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos.<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas. |
| **Insuficiente**<br>(entre 1,1 e 1,4) | **Coñecementos:**<br>**-**Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos.<br>Redacción: moi simple. |
| **Aprobado**<br>(entre 1,5 e 2) | **Coñecementos:** resposta básica que incide nas seguintes cuestións:<br>- Contextualización da Baixa Idade Media nos séculos XIV e XV.<br>-Os factores explicativos da crise demográfica: conxunción de malas colleitas e chegada da peste negra.<br>-A relación entre diminución da poboación, descenso da produción e incremento dos presos.<br>-A reacción dos grupos nobiliarios ante a nova situación: malos usos e abusos.<br>-As revoltas irmandiñas como exemplo de levantamento antiseñorial.<br>**Redacción:** texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple. |
| **Notable**<br>(entre 2,1 e 2,6) | **Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema:**<br>-Resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explica cunha certa profundidade polo menos unha delas.<br>**Redacción:** correcta. |
| | **Resposta con precisións e aclaracións:** |

selectividad.academy

| | |
|---|---|
| **Sobresaliente** (entre 2,7 e 3) | -Resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda nunha ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas.<br>**Redacción:** correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado.<br>**Capacidade de síntese**: a resposta non excede a extensión recomendada. |

**Pregunta a desenvolver: A nova monarquía dos Reis Católicos** (ata 3 puntos)

| | |
|---|---|
| **Moi deficiente** (0) | Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta. |
| **Deficiente** (entre 0,1 e 1) | **Coñecementos:**<br>-Resposta confusa, que revela a incomprensión da pregunta.<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas. |
| **Insuficiente** (entre 1,1 e 1,4) | **Coñecementos:**<br>**-**Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos.<br>Redacción: moi simple. |
| **Aprobado** (entre 1,5 e 2) | **Coñecementos:** resposta básica que incide nas seguintes cuestións:<br>- A unión dinástica das Coroas de Castela e Aragón a través do matrimonio de Isabel de Castela e Fernando de Aragón.<br>-A reorganización político-administrativa a través de novas institucións<br>-A política de sometemento da nobreza.<br>-A utilización de institucións relixiosas como a Inquisición con fins políticos.<br>**Redacción:** texto formalmente correcto, pero expresión básica. |
| **Notable** (entre 2,1 e 2,6) | **Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema:**<br>-Resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explica cunha certa profundidade polo menos unha delas.<br>**Redacción:** correcta. |
| **Sobresaliente** (entre 2,7 e 3) | **Resposta con precisións e aclaracións:**<br>-Resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda nunha ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas.<br>**Redacción:** correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado.<br>**Capacidade de síntese**: a resposta non excede a extensión recomendada. |

Composición histórica: **A Revolución Gloriosa e a constitución de 1869**
(ata 5 puntos)

| | |
|---|---|
| **Moi deficiente** (entre 0 e 1,4) | Resposta en branco.<br>A resposta é unha paráfrase dos documentos.<br>A resposta contén xeneralidades sobre a época |
| **Deficiente** (entre 1,5 e 2) | **Contidos:** a resposta achega os contidos básicos do tema ou do proceso histórico considerado.<br>**Uso dos documentos**: a resposta prescinde dos documentos, exponse como a resposta a unha pregunta teórica.<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas. |

selectividad.academy
623 769 002
Prueba sin compromiso

| | |
|---|---|
| **Insuficiente** (entre 2,1 e 2,4) | **Contidos:** a resposta desenvolve os aspectos teóricos do tema.<br>**Uso dos documentos**: a resposta prescinde dos documentos, exponse como a resposta a unha pregunta teórica.<br>**Redacción:** básica e expresión demasiado simple. |
| **Aprobado** (entre 2,5 e 3,4) | **Contidos:** a resposta inclúe unha contextualización e explicación básica do tema proposto:<br>-Sinalar de forma xenérica as causas da revolución de 1868 (malestar político, económico e social).<br>-Mencionar o pronunciamento militar de Cádiz e ao seu principal líder.<br>-Comentar o carácter democrático da revolución e do sistema político derivado da mesma.<br>-Referenciar os trazos fundamentais da constitución de 1869: sufraxio universal masculino, soberanía popular, monarquía...<br>**Uso dos documentos**: os documentos cítanse na redacción.<br>**Redacción:** texto formalmente correcto. |
| **Notable** (entre 3,5 e 4,4) | **Contidos** (ademais do esixido para o aprobado, afondar no comentario dalgunha destas cuestións):<br>-Explicar os factores que desencadean a Gloriosa revolución.<br>-Sinalar os seus principais líderes militares e políticos.<br>-Referir o desenvolvemento do proceso revolucionario (alianzas políticas, formación de xuntas revolucionarias de ideario democrático, enfrontamento das tropas realistas e revolucionarias, exilio da raíña...).<br>-Facer fincapé no feito de que os demócratas son excluídos do goberno provisional.<br>-Mencionar varias das medidas tomadas polo goberno provisional: convocatoria de eleccións a cortes constituíntes, recoñecemento de amplas liberdades, disolución das xuntas revolucionarias...<br>-Afondar nas características da constitución de 1869: clara división de poderes, liberdade de cultos, dereito de reunión, de asociación, sistema bicameral...<br>-Sinalar o establecemento da monarquía de Amadeu de Savoia como conclusión da revolución.<br>**Uso dos documentos** (ademais do esixido para o aprobado, na composición úsanse algún dos documentos para algunha das seguintes cuestións)<br>-Utilízase o documento 1 para subliñar o papel dos militares na revolución e no goberno provisional.<br>-Coméntanse as razóns que xustifican o rexeitamento dos partidos monárquicos (doc. 2).<br>-Relaciónanse algún dos artigos do documento cos principios esenciais da Constitución (doc.3).<br>**Redacción:** correcta e texto coherente. |
| **Sobresaliente** (entre 4,5 e 5) | **Contidos** (ademais do esixido para o notable no comentario recóllese unha ou varias das seguintes cuestións):<br>-Mencionar o Pacto de Ostende e os seus integrantes como o paso previo á revolución de setembro de 1868.<br>-Comentar as reivindicacións sociais das xuntas revolucionarias en consonancia co carácter popular do proceso revolucionario: supresión de quintas, abolición dos consumos, recoñecemento do dereito de asociación...<br>-Enumerar outras medidas menos coñecidas do goberno provisional: creación da peseta, reorganización da milicia nacional, emancipación dos |

selectividad.academy

623 769 002 Prueba sin compromiso

| | |
|---|---|
| | fillos dos escravos, decreto de liberdade de ensinanza...<br>-Facer fincapé no progresivo distanciamento das clases populares integradas nas xuntas revolucionarias respecto dos grupos burgueses ata o momento marxinados do poder político e que organizaran a revolución (revolución falseada).<br>-Comentar a fragmentación política resultante das eleccións a cortes constituíntes, a cal será un factor de inestabilidade durante todo o Sexenio Democrático.<br>-Sinalar a constitución de 1869 como a máis avanzada de todo o s.XIX.<br>-Mencionar a rexencia de Serrano como paso político previo á monarquía de Amadeu de Savoia.<br>**Uso dos documentos** (ademais do esixido para o notable, na composición úsanse algún dos documentos para algunha das seguintes cuestións):<br>-Utilízase o documento 1 para incidir no obxectivo do Goberno Provisional de restablecer a orde.<br>-Faise referencia ao diferente grao de participación no goberno dos partidos que se posicionaron contra a monarquía (doc. 2).<br>-Relaciónanse dous ou máis artigos concretos do documento cos principios esenciais da Constitución (doc.3).<br>**Redacción:** correcta e precisa, facendo uso do vocabulario específico. O texto está ben articulado e argumentado. |

Composición histórica: **O establecemento da II República** (ata 5 puntos)

| | |
|---|---|
| **Moi deficiente** (entre 0 e 1,4) | Resposta en branco.<br>A resposta contén xeneralidades sobre a época.<br>A resposta é unha paráfrase dos documentos |
| **Deficiente** (entre 1,5 e 2) | **Contidos:** a resposta achega os contidos básicos do tema ou do proceso histórico considerado.<br>**Uso dos documentos**: a resposta prescinde dos documentos, exponse como a resposta a unha pregunta teórica.<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas. |
| **Insuficiente** (entre 2,1 e 2,4) | **Contidos:** a resposta desenvolve os aspectos teóricos do tema.<br>**Uso dos documentos**: a resposta prescinde dos documentos, exponse como a resposta a unha pregunta teórica.<br>**Redacción:** básica e expresión demasiado simple. |
| **Aprobado** (entre 2,5 e 3,4) | **Contidos:** a resposta inclúe unha contextualización e explicación básica do tema proposto:<br>-Referencia básica ao contexto no cal se implantou a República (eleccións municipais de 1931 e abandono de Afonso XIII).<br>-Explicación do proceso que levou á convocatoria de eleccións. constituíntes e o triunfo dos partidos de esquerdas.<br>-Sinalar algunha das medidas do primeiro goberno republicano (Constitución de 1931 ou algunha outra reforma).<br>**Uso dos documentos**: os documentos cítanse na redacción.<br>**Redacción:** texto formalmente correcto. |
| **Notable** (entre 3,5 e | **Contidos** (ademais do esixido para o aprobado, afondar no comentario dalgunha destas cuestións): |

selectividad.academy 623 769 002 Prueba sin compromiso

| | |
|---|---|
| 4,4) | -Composición do goberno provisional presidido por Niceto Alcalá-Zamora.<br>-Referencia aos principais partidos da época, á súa ideoloxía ou os seus dirixentes.<br>-Sinalar os problemas máis urxentes do goberno republicano (problema relixioso, problema agrario e problema territorial).<br>-Mencionar as principais características da Constitución de 1931.<br>**Uso dos documentos** (ademais do esixido para o aprobado, na composición úsase algún dos documentos para algunha destas cuestións):<br>-Subliñar os factores determinantes dos resultados das eleccións municipais de 12 de abril (doc. 1).<br>-Incidir nos diferentes estratexias dos partidos de esquerdas, en particular no caso de republicanos e socialistas (doc. 2).<br>-Referirse aos obxectivos defendidos polos republicanos nos debates parlamentarios (doc. 3).<br>-**Redacción:** correcta e texto coherente. |
| **Sobresaliente** (entre 4,5 e 5) | **Contidos** (ademais do esixido para o notable no comentario recóllese unha ou varias das seguintes cuestións):<br>**-**Mencionar o Pacto de San Sebastián como paso previo á implantación da república.<br>-Afondar nalgunha das medidas do goberno provisional en referencia aos tres problemas citados anteriormente.<br>-Establecer algunha relación entre os principios da Constitución e as futuras reformas das Cortes constituíntes.<br>-Afondar na ideoloxía dos principais partidos da época.<br>-Facer unha valoración xeral do período analizado e breve referencia á situación posterior.<br>**Uso dos documentos** (ademais do esixido para o notable, na composición úsase algún dos documentos para algunha destas cuestións):<br>-Referirse ao deterioro do sistema político provocado pola incapacidade dos últimos gobernos monárquicos (doc. 1).<br>-Incidir na diferenza entre o papel xogado polo goberno e o desenvolvido polas Cortes constituíntes (doc 2).<br>-Comentar se os obxectivos sinalados polo líder republicano Azaña se reflectiron na constitución de 1931 (doc. 3).<br>-**Redacción:** correcta e precisa, facendo uso do vocabulario específico. O texto está ben articulado e argumentado. |

Composición histórica: **A Transición** (ata 5 puntos)

| | |
|---|---|
| **Moi deficiente** (entre 0 e 1,4) | Resposta en branco.<br>A resposta é unha paráfrase dos documentos.<br>A resposta contén xeneralidades sobre a época. |
| **Deficiente** (entre 1,5 e 2) | **Contidos:** a resposta achega os contidos básicos do tema ou do proceso histórico considerado.<br>**Uso dos documentos**: a resposta prescinde dos documentos, exponse como a resposta a unha pregunta teórica. |

selectividad.academy

selectividad.academy 623 769 002 Prueba sin compromiso

| | |
|---|---|
| | **Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas. |
| **Insuficiente** (entre 2,1 e 2,4) | **Contidos:** a resposta desenvolve os aspectos teóricos do tema.<br>**Uso dos documentos**: a resposta prescinde dos documentos, exponse como a resposta a unha pregunta teórica.<br>**Redacción:** básica e expresión demasiado simple. |
| **Aprobado** (entre 2,5 e 3,4) | **Contidos:** a resposta inclúe unha contextualización e explicación básica do tema proposto:<br>-Referenciar a morte de Franco e a investidura de Xoán Carlos I como rei de España.<br>-Comentar o continuísmo do goberno de Arias Navarro e a política reformadora de Adolfo Suárez.<br>-Sinalar algunha das principais iniciativas do novo goberno (Lei de Reforma Política, Lei de Amnistía...).<br>-Facer referencia aos resultados obtidos nos comicios electorais da transición (ben sexa as de 1977 ás que se fai referencia no doc. 3 ou as do 1982 que figuran na introdución da composición).<br>-As posibles referencias ao golpe de estado de 1981, serán consideradas contido a maiores e valoradas positivamente polos correctores.<br>**Uso dos documentos**: os documentos cítanse na redacción.<br>**Redacción:** texto formalmente correcto. |
| **Notable** (entre 3,5 e 4,4) | **Contidos** (ademais do esixido para o aprobado, afondar no comentario dalgunha destas cuestións):<br>-Faise referencia ao incremento da oposición durante o goberno de Arias Navarro e á división dentro das forzas franquistas entre reformistas e inmobilistas.<br>-Afóndase nas medidas de reforma impulsadas por Adolfo Suárez.<br>-Menciónase o proceso de legalización dos diversos partidos políticos de cara á celebración das primeiras eleccións democráticas.<br>-Coméntase o carácter pacífico e consensuado do proceso político coñecido como Transición.<br>-Sinálanse as principais causas do intento de golpe de estado de 1981, os seus promotores e o papel do xefe de estado.<br>**Uso dos documentos** (ademais do esixido para o aprobado, na composición úsase algún dos documentos para algunha destas cuestións):<br>-Utilízase o documento 1 para incidir na política de desmantelamento do réxime e da súa estratexia represiva.<br>-Faise referencia ao papel desenvolvido polo xefe de estado respecto do golpe militar (doc.2).<br>-Utilízase o documento 3 para facer referencia aso exilio dos principais dirixentes comunistas e aos efectos da legalización do PC.<br>**Redacción:** correcta e texto coherente |
| **Sobresaliente** (entre 4,5 e 5) | **Contidos** (ademais do esixido para o notable no comentario recóllese unha ou varias das seguintes cuestións):<br>-Faise referencia ao coñecido como "espírito do 12 de febreiro" e ao seu fracaso.<br>-Cítanse algunhas das principais medidas levadas a cabo polo primeiro goberno de Suárez (p.ex.: disolución do Movemento Nacional e do TOP, |

selectividad.academy

| | |
|---|---|
| | regulamentación do dereito á folga...).<br>-Menciónanse as diferentes posturas mantidas pola oposición, o goberno e as forzas franquistas con respecto ao proceso de reforma.<br>-Sinálase o sometemento definitivo do poder militar ao civil tras o golpe de estado de 1981.<br>-Faise referencia ao contexto de crise política que desembocou nas eleccións de 1982.<br>**Uso dos documentos** (ademais do esixido para o notable, na redacción da composición úsase algún dos documentos para algunha destas cuestións):<br>-Relaciónanse algún dos artigos da Lei de Amnistía coas medidas concretas impulsadas pola oposición ao goberno de Arias Navarro (doc. 1).<br>-Subliñase a importancia do golpe de estado para neutralizar os resaibos do franquismo (doc. 2).<br>-Incídese nos malos resultados acadados polo Partido Comunista nas eleccións da transición (doc. 3).<br>-**Redacción:** correcta e precisa, facendo uso do vocabulario específico. O texto está ben articulado e argumentado. |

selectividad.academy

La historia se estudia con estrategia. Te enseñamos cómo.
selectividad.academy - 623 769 002

ABAU 2023
CONVOCATORIA
EXTRAORDINARIA
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
***HISTORIA DE ESPAÑA***
**(Cód. 03)**

Definición do termo **Aula Regia** (ata 0,5 puntos)

| | |
|---|---|
| **Deficiente** (entre 0 e 0,14) | Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto. |
| **Insuficiente** (entre 0,15-0,24) | **Coñecementos:** resposta confusa ou incompleta.<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas. |
| **Aprobado** (entre 0,25 e 0,34) | **Coñecementos:** resposta básica que fai referencia ao seguinte:<br>-Institución creada en época visigoda que facía as funcións de Consello real.<br>**Redacción**: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple |
| **Notable** (entre 0,35 e 0,44) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado)<br>-Tiña carácter consultivo e asesoraba á monarquía nos principais asuntos de goberno.<br>-Os seus membros pertencían á aristocracia e eran designados polo rei.<br>-**Redacción:** correcta |
| **Sobresaliente** (entre 0,45 e 0,5) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable)<br>-Outras funcións que tiña eran elaborar leis e impartir xustiza, ademais de designar aos propios reis.<br>-A monarquía visigoda tiña carácter electivo polo que mantiña unha dependencia moi intensa respecto das familias nobiliarias.<br>-Desenvólvese entre os anos 507 e o 711.<br>**Redacción:** correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado.<br>**Capacidade de síntese**: a resposta non excede a extensión recomendada. |

Definición do termo **Taifas** **(ata 0,5 puntos)**

| | |
|---|---|
| **Deficiente** (entre 0 e 0,14) | Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto. |
| **Insuficiente** (entre 0,15-0,24) | **Coñecementos:** resposta confusa ou incompleta.<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas. |
| **Aprobado** (entre 0,25 e 0,34) | **Coñecementos:** resposta básica que fai referencia ao seguinte:<br>-Cada un dos reinos nos que se dividiu Al-Andalus logo da disgregación do califato de Córdoba.<br>**Redacción**: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple. |
| **Notable** (entre 0,35 e | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) |

selectividad.academy
623 769 002
Prueba sin compromiso

| | |
|---|---|
| 0,44) | -Para evitar a conquista, moitas taifas pagaron parias aos reinos cristiáns.<br>-O número de taifas foise reducindo co tempo pois as de maior poder anexionaron as máis pequenas.<br>**Redacción:** correcta |
| **Sobresaliente** (entre 0,45 e 0,5) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable)<br>-Configuráronse máis de vinte reinos de taifas independentes como Sevilla, Badaxoz, Toledo…<br>-A última taifa en sobrevivir será o reino nazarí de Granada.<br>-O califato desaparece no século XI.<br>**Redacción:** correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado.<br>**Capacidade de síntese**: a resposta non excede a extensión recomendada. |

Definición do termo **Valido** **(ata 0,5 puntos)**

| | |
|---|---|
| **Deficiente** (entre 0 e 0,14) | Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto |
| **Insuficiente** (entre 0,15-0,24) | **Coñecementos:** resposta confusa ou incompleta.<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas. |
| **Aprobado** (entre 0,25 e 0,34) | **Coñecementos:** resposta básica que fai referencia ao seguinte:<br>-Persoa da máxima confianza do rei en quen este delegaba os seus poderes ata o punto de entregarlle a dirección do reino.<br>**Redacción**: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple. |
| **Notable** (entre 0,35 e 0,44) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado)<br>-Nunca foi un cargo oficial dado que unicamente servían ao rei mentres este tiña confianza na persoa escollida.<br>-Moitos deles utilizaron o poder no seu propio beneficio e o das súas familias e achegados.<br>**Redacción:** correcta. |
| **Sobresaliente** (entre 0,45 e 0,5) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable)<br>-A súa aparición no foi un fenómeno estritamente español senón que se xeneralizou no século XVII por varios países europeos.<br>-Foron coñecidos cos nomes de "favorito" ou "privado".<br>-Nomear algún dos principais validos, como por exemplo o duque de Lerma con Filipe III ou Olivares con Filipe IV.<br>**Redacción:** correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado.<br>**Capacidade de síntese**: a resposta non excede a extensión recomendada. |

Definición do termo **Catastro de Ensenada** **(ata 0,5 puntos)**

| | |
|---|---|
| **Deficiente** (entre 0 e 0,14) | Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto. |
| **Insuficiente** (entre 0,15-0,24) | **Coñecementos:** resposta confusa ou incompleta.<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas. |
| **Aprobado** | **Coñecementos:** resposta básica que fai referencia ao seguinte: |

selectividad.academy

| | |
|---|---|
| (entre 0,25 e 0,34) | - Avaliación da riqueza da Coroa de Castela feita no reinado de Fernando VI, a instancias do seu ministro, o Marqués da Ensenada.<br>-**Redacción**: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple |
| **Notable** (entre 0,35 e 0,44) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado)<br>-O seu obxectivo era a racionalización do sistema fiscal castelán, atendendo á filosofía do reformismo borbónico.<br>-Na práctica suporía a implantación da Única Contribución, tributo pensado para substituír as rendas provinciais.<br>**Redacción:** correcta. |
| **Sobresaliente** (entre 0,45 e 0,5) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable)<br>-Constitúe unha fonte de gran valor para o estudo da poboación e a economía castelá da época.<br>- As protestas dos grupos privilexiados frustraron a aplicación do proxecto.<br>- Tivo o seu inicio en 1749 e elaborouse durante varios anos co apoio dos intendentes.<br>**Redacción:** correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado.<br>**Capacidade de síntese**: a resposta non excede a extensión recomendada . |

Definición do termo **Unión Liberal (ata 0,5 puntos)**

| | |
|---|---|
| **Deficiente** (entre 0 e 0,14) | Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto |
| **Insuficiente** (entre 0,15-0,24) | **Coñecementos:** resposta confusa ou incompleta<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas |
| **Aprobado** (entre 0,25 e 0,34) | **Coñecementos:** resposta básica que fai referencia ao seguinte:<br>-Partido político fundado polo xeneral O´Donnell durante o reinado de Isabel II como unha opción "de centro" entre os liberais moderados e os progresistas.<br>**Redacción**: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple. |
| **Notable** (entre 0,35 e 0,44) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado)<br>-Xurdiu durante o bienio progresista (1854-1856).<br>-Aglutinou ao sector máis conservador do Partido Progresista e ao máis progresista do Partido Moderado.<br>-Sen un programa definido, os seus principais obxectivos eran manter a monarquía constitucional , a orde social e a estabilidade política.<br>-Defendía unha soberanía compartida entre a raíña e as Cortes.<br>-Estaba apoiada polos sectores máis acomodados da sociedade.<br>**Redacción:** correcta. |
| **Sobresaliente** (entre 0,45 e 0,5) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable)<br>-Nas eleccións a Cortes de 1858 a Unión Liberal obtivo a maioría absoluta |

selectividad.academy

selectividad.academy 623 769 002 Prueba sin compromiso

| | |
|---|---|
| | e O´Donnell iniciou un goberno longo, a etapa de maior estabilidade política do reinado de Isabel II.<br>-A Unión Liberal desenvolveu unha serie de medidas (expansión do ferrocarril, desamortización civil, obras públicas) que favoreceron a modernización e a expansión económica.<br>-A Unión Liberal participou no movemento que promoverá a caída da raíña Isabel II en 1868.<br>-A Unión Liberal formou, xunto co Partido Moderado, o Partido Liberal Conservador en 1874, baixo o liderado de Antonio Cánovas del Castillo.<br>**Redacción:** correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado.<br>**Capacidade de síntese**: a resposta non excede a extensión recomendada. |

Definición do termo **Caciquismo (ata 0,5 puntos)**

| | |
|---|---|
| **Deficiente**<br>(entre 0 e 0,14) | Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto |
| **Insuficiente**<br>(entre 0,15-0,24) | **Coñecementos:** resposta confusa ou incompleta.<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas. |
| **Aprobado**<br>(entre 0,25 e 0,34) | **Coñecementos:** resposta básica que fai referencia ao seguinte:<br>-Prácticas levadas a cabo polos caciques que controlaban as eleccións, para garantir a quenda de partidos durante a Restauración borbónica iniciada en 1875.<br>**Redacción**: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple. |
| **Notable**<br>(entre 0,35 e 0,44) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado)<br>-Baseábase na existencia de personalidades influentes a nivel local que controlaban unha circunscrición electoral.<br>-Os caciques actuaban mediante o uso da forza, a coacción e a venda de favores.<br>-Os caciques valíanse do seu poder económico, estatus e influenzas.<br>-O caciquismo tiña máis forza nas zonas rurais.<br>**Redacción:** correcta. |
| **Sobresaliente**<br>(entre 0,45 e 0,5) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable)<br>-Eran os caciques e non os electores quen decidían o resultado das eleccións.<br>-Os chanzos máis importantes nas relacións clientelares de poder eran: a oligarquía madrileña, os Gobernadores Civís e os caciques.<br>-Cos "favores" caciquís agradecían a fidelidade electoral.<br>-Todas estas prácticas explican a apatía electoral durante o período da Restauración.<br>-Lema dos caciques: "para os inimigos a lei, para os amigos o favor".<br>**Redacción:** correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado.<br>**Capacidade de síntese**: a resposta non excede a extensión recomendada. |

selectividad.academy

Definición do termo **Semana Tráxica** **(ata 0,5 puntos)**

| | |
|---|---|
| **Deficiente** (entre 0 e 0,14) | Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto. |
| **Insuficiente** (entre 0,15-0,24) | **Coñecementos:** resposta confusa ou incompleta.<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas. |
| **Aprobado** (entre 0,25 e 0,34) | **Coñecementos:** resposta básica que fai referencia ao seguinte:<br>-Revolta popular sucedida en xullo de 1909 en Barcelona, debido á decisión de enviar tropas de reservistas á guerra de Marrocos.<br>**Redacción**: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple. |
| **Notable** (entre 0,35 e 0,44) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado):<br>-O envío das tropas foi consecuencia da guerra que enfrontou ás tropas españolas coas cabilas rifeñas nas proximidades de Melilla.<br>-Os mobilizados pertencían ás clases populares, que non podían costear substitutos nin pagar pola súa exención, e moitos estaban casados.<br>-A revolta aglutinou elementos do movemento obreiro, do nacionalismo periférico e do republicanismo.<br>-A semana de revoltas xerou numerosos enfrontamentos coas forzas da orde e episodios de anticlericalismo.<br>**Redacción:** correcta. |
| **Sobresaliente** (entre 0,45 e 0,5) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable):<br>-As revoltas remataron con máis de 100 mortos e moitos edificios destruídos; non só en Barcelona senón tamén noutras localidades catalás.<br>**-**Da folga pasouse á insurrección, ao levantamento de barricadas e á queima de numerosos edificios relixiosos.<br>-O movemento rematou cunha brutal represión e os fusilamentos de Montjuic onde foi executado Ferrer i Guardia.<br>-Este episodio acabaría provocando a caída do goberno conservador de Antonio Maura.<br>**Redacción:** correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado.<br>**Capacidade de síntese**: a resposta non excede a extensión recomendada. |

Definición do termo **Nacionalcatolicismo** **(ata 0,5 puntos)**

| | |
|---|---|
| **Deficiente** (entre 0 e 0,14) | Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto. |
| **Insuficiente** (entre 0,15-0,24) | **Coñecementos:** resposta confusa ou incompleta.<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas. |
| **Aprobado** (entre 0,25 e 0,34) | **Coñecementos:** resposta básica que fai referencia ao seguinte:<br>- Termo que o franquismo empregou para defender a total identificación Igrexa-Estado. |

selectividad.academy 623 769 002 Prueba sin compromiso

| | |
|---|---|
| | **Redacción**: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple |
| **Notable** (entre 0,35 e 0,44) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado):<br>-Significa que o franquismo defendeu a confesionalidade católica do Estado e a Igrexa lexitimaba a sublevación e o réxime franquista.<br>-A vida política, social e cultural estaba sometida ás directrices da Igrexa católica.<br>-As normas de conduta da Igrexa católica impuxéronse á sociedade.<br><br>**Redacción:** correcta. |
| **Sobresaliente** (entre 0,45 e 0,5) | **Coñecementos:** resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable):<br>-Os símbolos da Igrexa católica fixéronse omnipresentes no réxime franquista.<br><br>-A Igrexa controla a educación e crea organizacións laicas vinculadas a ela para inculcar á sociedade un catolicismo moi conservador.<br><br>**Redacción:** correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado.<br>**Capacidade de síntese**: a resposta non excede a extensión recomendada. |

**Pregunta a desenvolver: O Neolítico: características e cambios con respecto á época Paleolítica (ata 3 puntos)**

| | |
|---|---|
| **Moi deficiente** (0) | Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta. |
| **Deficiente** (entre 0,1 e 1) | **Coñecementos:**<br>-Resposta confusa, que revela a incomprensión da pregunta.<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas. |
| **Insuficiente** (entre 1,1 e 1,4) | **Coñecementos:**<br>**-**Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos.<br>**Redacción:** moi simple. |
| **Aprobado** (entre 1,5 e 2) | **Coñecementos:** resposta básica que incide nas seguintes cuestións:<br>-Comparación dos principais trazos definitorios do Neolítico e o Paleolítico, incidindo especialmente na economía, a tecnoloxía aplicada, o tipo de hábitat, a organización social, as expresións culturais...<br>-Facer algunha referencia explícita ao Neolítico na Península Ibérica.<br>**Redacción:** texto formalmente correcto, pero expresión básica. |
| **Notable** (entre 2,1 e 2,6) | **Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema:**<br>-resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explica cunha certa profundidade polo menos unha delas.<br>**Redacción:** correcta. |
| **Sobresaliente** (entre 2,7 e 3) | **Resposta con precisións e aclaracións:**<br>-resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda nunha ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas.<br>**Redacción:** correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado.<br>**Capacidade de síntese**: a resposta non excede a extensión recomendada. |

selectividad.academy

selectividad.academy 623 769 002 Prueba sin compromiso

**Pregunta a desenvolver: A monarquía visigoda (ata 3 puntos)**

| | |
|---|---|
| **Moi deficiente** (0) | Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta. |
| **Deficiente** (entre 0,1 e 1) | **Coñecementos:**<br>-Resposta confusa, que revela a incomprensión da pregunta.<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas. |
| **Insuficiente** (entre 1,1 e 1,4) | **Coñecementos:**<br>**-**Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos.<br>**Redacción:** moi simple. |
| **Aprobado** (entre 1,5 e 2) | **Coñecementos:** resposta básica que incide nas seguintes cuestións:<br>-As causas da formación do reino visigodo peninsular.<br>-As características básicas da súa monarquía: carácter electivo, debilidade do poder rexio e principais institucións de goberno.<br>-Os obxectivos perseguidos polos monarcas: unidade territorial, relixiosa e xurídica.<br>**Redacción:** texto formalmente correcto, pero expresión básica. |
| **Notable** (entre 2,1 e 2,6) | **Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema:**<br>-resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explica cunha certa profundidade polo menos unha delas.<br>**Redacción:** correcta. |
| **Sobresaliente** (entre 2,7 e 3) | **Resposta con precisións e aclaracións:**<br>-resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda nunha ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas.<br>**Redacción:** correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado<br>**Capacidade de síntese**: a resposta non excede a extensión recomendada. |

**Pregunta a desenvolver: Reconquista e repoboación** (ata 3 puntos)

| | |
|---|---|
| **Moi deficiente** (0) | Resposta en branco o sen relación coa materia da pregunta. |
| **Deficiente** (entre 0,1 e 1) | **Coñecementos:**<br>-Resposta confusa, que revela a incomprensión da pregunta.<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas. |
| **Insuficiente** (entre 1,1 e 1,4) | **Coñecementos:**<br>**-**Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos.<br>**Redacción:** moi simple. |
| **Aprobado** (entre 1,5 e 2) | **Coñecementos:** resposta básica que incide nas seguintes cuestións:<br>-A formación dunha serie de núcleos cristiáns na Península, en paralelo á constitución política de Al-Andalus.<br>-As principais etapas da Reconquista e os avances territoriais característicos de cada una delas.<br>-O proceso de repoboamento, explicando os diferentes modelos de |

| | |
|---|---|
| | repoboación que se levaron a cabo en cada etapa.<br>**Redacción:** texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple. |
| **Notable**<br>(entre 2,1 e 2,6) | **Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema:**<br>-resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explica cunha certa profundidade polo menos unha delas.<br>**Redacción:** correcta. |
| **Sobresaliente**<br>(entre 2,7 e 3) | **Resposta con precisións e aclaracións:**<br>-resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda nunha ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas.<br>**Redacción:** correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado.<br>**Capacidade de síntese**: a resposta non excede a extensión recomendada. |

**Pregunta a desenvolver: Economía e sociedade na Galicia dos Austrias (ata 3 puntos)**

| | |
|---|---|
| **Moi deficiente**<br>(0) | Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta. |
| **Deficiente**<br>(entre 0,1 e 1) | **Coñecementos:**<br>-Resposta confusa, que revela a incomprensión da pregunta.<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas. |
| **Insuficiente**<br>(entre 1,1 e 1,4) | **Coñecementos:**<br>**-**Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos.<br>Redacción: moi simple. |
| **Aprobado**<br>(entre 1,5 e 2) | **Coñecementos:** resposta básica que incide nas seguintes cuestións:<br>-Sinalar os trazos máis salientables da agricultura galega e os cambios experimentados no s. XVII.<br>-Comentar as principais características da actividade pesqueira.<br>-Referenciar os trazos básicos da sociedade galega salientando o papel desenvolvido pola fidalguía.<br>**Redacción:** texto formalmente correcto, pero expresión básica. |
| **Notable**<br>(entre 2,1 e 2,6) | **Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema:**<br>-resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explica cunha certa profundidade polo menos unha delas.<br>**Redacción:** correcta. |
| **Sobresaliente**<br>(entre 2,7 e 3) | **Resposta con precisións e aclaracións:**<br>-resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda nunha ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas.<br>**Redacción:** correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado.<br>**Capacidade de síntese**: a resposta non excede a extensión recomendada. |

Composición histórica: **A crise da monarquía absoluta** **(ata 5 puntos)**

selectividad.academy 623 769 002 Prueba sin compromiso

| | |
|---|---|
| **Moi deficiente** (entre 0 e 1,4) | Resposta en branco.<br>A resposta é unha paráfrase dos documentos.<br>A resposta contén xeneralidades sobre a época. |
| **Deficiente** (entre 1,5 e 2) | **Contidos:** a resposta achega os contidos básicos do tema ou do proceso histórico considerado.<br>**Uso dos documentos**: a resposta prescinde dos documentos, exponse como a resposta a unha pregunta teórica.<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas. |
| **Insuficiente** (entre 2,1 e 2,4) | **Contidos:** a resposta desenvolve os aspectos teóricos do tema,<br>**Uso dos documentos**: a resposta prescinde dos documentos, exponse como a resposta a unha pregunta teórica.<br>**Redacción:** básica e expresión demasiado simple. |
| **Aprobado** (entre 2,5 e 3,4) | **Contidos:** a resposta inclúe unha contextualización e explicación básica do tema proposto:<br>-Sinalar de forma xenérica as causas da crise da monarquía absoluta no reinado de Carlos IV.<br>-Indicar o impacto que tivo a Revolución Francesa en España.<br>-Facer referencia á entrada das tropas francesas na Península e ó estalido do motín de Aranxuez.<br>-Comentar xenericamente o proceso de abdicacións de Baiona.<br>-Sinalar os principais efectos da ocupación napoleónica no goberno do país.<br>**Uso dos documentos**: os documentos cítanse na redacción.<br>**Redacción:** texto formalmente correcto. |
| **Notable** (entre 3,5 e 4,4) | **Contidos** (ademais do esixido para o aprobado, afondar no comentario dalgunha destas cuestións)<br>-Indicar algúns dos principais problemas económicos, políticos e sociais do reinado de Carlos IV.<br>-Referir algunhas das consecuencias da Revolución Francesa en España (medidas adoptadas para frear a penetración de ideas revolucionarias e/ou cambios na política internacional española)<br>-Explicar o tratado de Fontainebleau e as súas consecuencias militares e políticas.<br>-Clarificar as sucesivas abdicacións de Fernando VII e Carlos IV en favor de Napoleón e as consecuencias do seu exilio en Baiona (cesión do trono a Xosé Bonaparte, privilexios e compensacións a Carlos IV e Fernando VII)<br>-Explicar o xurdimento das Xuntas de goberno e o levantamento contra os franceses.<br>-Referir algún dos obxectivos do goberno de Xosé I.<br>**Uso dos documentos** (ademais do esixido para o aprobado, na composición úsanse os documentos para algunha das seguintes cuestións)<br>-Resáltase a relación existente entre o motín de Aranxuez e as abdicacións de Baiona (doc. 1)<br>-Faise fincapé no papel das Xuntas como impulsoras da loita contra os invasores (doc. 2)<br>-Relaciónase de maneira explícita o nomeamento de Xosé I como rei coa necesidade de garantir o goberno de España (doc. 3).<br>**Redacción:** correcta e texto coherente. |
| **Sobresaliente** (entre 4,5 e 5) | **Contidos** (ademais do esixido para o notable no comentario recóllese unha ou varias das seguintes cuestións) |

selectividad.academy 623 769 002 Prueba sin compromiso

| | |
|---|---|
| | -Explicar algunha das medidas adoptadas no reinado de Carlos IV en materia económica (incremento de impostos, desamortización de Godoy...).<br>-Incidir na acumulación de poder de Godoy e nas oposicións que suscitou (Partido Fernandino, Proceso do Escorial…).<br>-Explicar as medidas políticas tomadas por Carlos IV como consecuencia do estourido da Revolución Francesa (peche de fronteiras para evitar a difusión das ideas revolucionarias, ruptura dos Pactos de Familia, suspensión das medidas, guerra contra Francia e Paz de Basilea….)<br>-Clarificar a natureza do Estatuto de Baiona (carta outorgada) e afondar nas súas características.<br>-Explicar o posicionamento da sociedade española fronte á invasión francesa: afrancesados e patriotas (diferenciando entre absolutistas, liberais e ilustrados) e os grupos que constituían cada unha destas divisións, así como as súas reivindicacións.<br>-Referirse a algunha das características da guerra (recurso ás guerrillas, formación de Xuntas, elevado custo económico, apoio británico...)<br>**Uso dos documentos** (ademais do esixido para o notable, na redacción da composición o contido dos documentos emprégase nalgúns destes sentidos)<br>-Utilízase o contido do doc.1 para subliñar as razóns que levaron a Carlos IV a solicitar a axuda de Napoleón.<br>-Incídese nos argumentos empregados polas Xuntas para xustificar a súa postura: o engano de Napoleón fronte á xustiza da súa causa (doc.2)<br>-Saliéntase a utilización que se fai das institucións creadas ou controladas polo goberno francés –Xunta de Estado, Consello de Castela- para lexitimar o nomeamento de Xosé I como rei (doc.3)<br>**Redacción:** correcta e precisa, facendo uso do vocabulario específico. O texto está ben articulado e argumentado. |

selectividad.academy

Composición histórica: **A cuestión nacional no último terzo do século XIX (ata 5 puntos)**

| | |
|---|---|
| **Moi deficiente** (entre 0 e 1,4) | Resposta en branco.<br>A resposta contén xeneralidades sobre a época.<br>A resposta é unha paráfrase dos documentos. |
| **Deficiente** (entre 1,5 e 2) | **Contidos:** a resposta achega os contidos básicos do tema ou do proceso histórico considerado.<br>**Uso dos documentos**: a resposta prescinde dos documentos, exponse como a resposta a unha pregunta teórica.<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas. |
| **Insuficiente** (entre 2,1 e 2,4) | **Contidos:** a resposta desenvolve os aspectos teóricos do tema.<br>**Uso dos documentos**: a resposta prescinde dos documentos, exponse como a resposta a unha pregunta teórica.<br>**Redacción:** básica e expresión demasiado simple. |
| **Aprobado** (entre 2,5 e 3,4) | **Contidos:** a resposta inclúe unha contextualización e explicación básica do tema proposto.<br>-Referir de maneira xenérica a orixe dos movementos nacionalistas na |

selectividad.academy 623 769 002 Prueba sin compromiso

| | |
|---|---|
| | tendencia unificadora e centralista dos gobernos liberais.<br>-Indicar as principais características do ideario catalanista (maior autogoberno, protección da industria catalá), galeguista (defensa da lingua, descentralización administrativa) e do nacionalismo vasco (singularidade étnica, defensa do sistema foral).<br>-Nomear algún dos seus principais líderes.<br>**Uso dos documentos**: os documentos cítanse na redacción.<br><br>**Redacción:** texto formalmente correcto. |
| **Notable**<br>(entre 3,5 e 4,4) | **Contidos** (ademais do esixido para o aprobado, afondar no comentario dalgunha destas cuestións)<br>-Explicar os diferentes contextos nos que xurdiu o catalanismo, o galeguismo e o nacionalismo vasco.<br>-Mencionar algunha das organizacións, movementos culturais ou partidos que defendían as particularidades das "provincias periféricas" e a necesidade de descentralización.<br>-Sinalar a crecente influencia alcanzada polos movementos nacionalistas no panorama político das últimas décadas do século XIX.<br>**Uso dos documentos** (ademais do esixido para o aprobado, na composición úsanse os documentos para algunha das seguintes cuestións):<br>-Utilízase o texto para subliñar que os autores do Memorial non cuestionan a unidade territorial do Estado (doc.1).<br>-Faise fincapé na importancia da lingua na conformación das identidades nacionais (doc. 2)<br>-Utilízase o contido do documento 3 para sinalar os elementos utilizados polo nacionalismo para incidir na singularidade vasca (costumes, lingua, raza)<br>**Redacción:** correcta e texto coherente. |
| **Sobresaliente**<br>(entre 4,5 e 5) | **Contidos** (ademais do esixido para o notable no comentario recóllese unha ou varias das seguintes cuestións)<br>-Afondar nas particularidades (similitudes e diferenzas) dos seus respectivos idearios.<br>-Explicar a evolución da cuestión nacional ao longo desta etapa (casos catalán, galego e vasco)<br>-Comentar outros movementos que xorden neste período: rexionalismo valenciano, andaluz, aragonesismo.<br>**Uso dos documentos** (ademais do esixido para o notable, na redacción da composición o contido dos documentos emprégase nalgúns destes sentidos)<br>-Sinálanse os prexuízos que segundo o Memorial sufrían os cataláns (doc.1)<br>-Incídese no obxectivo de lograr que o galego non só fose unha lingua amplamente usada, senón tamén unha lingua de cultura (doc. 2)<br>-Sublíñase o rexeitamento do español, incidindo na idea da "invasión maketa" (doc. 3)<br>**Redacción:** correcta e precisa, facendo uso do vocabulario específico. O texto está ben articulado e argumentado. |

Composición histórica: **A guerra civil** (ata 5 puntos)

selectividad.academy 623 769 002 Prueba sin compromiso

| | |
|---|---|
| **Moi deficiente** (entre 0 e 1,4) | Resposta en branco.<br>A resposta é unha paráfrase dos documentos.<br>A resposta contén xeneralidades sobre a época. |
| **Deficiente** (entre 1,5 e 2) | **Contidos:** a resposta achega os contidos básicos do tema ou do proceso histórico considerado.<br>**Uso dos documentos**: a resposta prescinde dos documentos, exponse como a resposta a unha pregunta teórica.<br>**Redacción:** texto no que abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas. |
| **Insuficiente** (entre 2,1 e 2,4) | **Contidos:** a resposta desenvolve os aspectos teóricos do tema.<br>**Uso dos documentos**: a resposta prescinde dos documentos, exponse como a resposta a unha pregunta teórica.<br>**Redacción:** básica e expresión demasiado simple. |
| **Aprobado** (entre 2,5 e 3,4) | **Contidos:** a resposta inclúe unha contextualización e explicación básica do tema proposto.<br>-Citar os principais factores que motivaron o levantamento militar de xullo de 1936.<br>-Indicar os bandos en conflito e a configuración das "dúas Españas".<br>-Sinalar a xustificación do bando dos sublevados e dos leais á República.<br>-Referirse á dimensión internacional que adquiriu a guerra civil.<br>**Uso dos documentos**: os documentos cítanse na redacción.<br>**Redacción:** texto formalmente correcto. |
| **Notable** (entre 3,5 e 4,4) | **Contidos** (ademais do esixido para o aprobado, afondar no comentario dalgunha destas cuestións)<br>-Comentar o proceso de sublevación e o papel xogado polo exército de África na mesma.<br>-Explicar a reacción do goberno republicano fronte ao levantamento militar (indecisión inicial, cambio de goberno, reparto de armas ás milicias...).<br>-Especificar as causas da creación do Acordo de Non Intervención e os apoios recibidos por cada bando.<br>**Uso dos documentos** (ademais do esixido para o aprobado, na composición úsanse os documentos para algunha das seguintes cuestións)<br>-Faise fincapé na importancia da sublevación militar ou nos apoios políticos recibidos polos sublevados a partir do doc.1<br>-Coméntanse o ideario ou os obxectivos dos sublevados que figuran no doc. 2.<br>-Utilízase o documento 3 para subliñar os negativos efectos que tivo para a República a política de Non Intervención.<br>**Redacción:** correcta e texto coherente. |
| **Sobresaliente** (entre 4,5 e 5) | **Contidos** (ademais do esixido para o notable no comentario recóllese unha ou varias das seguintes cuestións)<br>-Incidir nos precedentes da sublevación (crise económica, violencia social, polarización política...)<br>-Referenciar o papel xogado polos principais xefes militares implicados na sublevación (Mola, Sanjurjo, Franco)<br>-Mencionar os diferentes gobernos da república durante a guerra e/ou citar algunhas das medidas que adoptaron os mesmos para facer fronte aos sublevados.<br>-Afondar nas diferenzas ideolóxicas e os apoios políticos e sociais de cada bando. |

selectividad.academy 623 769 002 Prueba sin compromiso

| | |
|---|---|
| | -Profundar nas diferenzas existentes entre as axudas recibidas polos sublevados e os republicanos.<br>-Facer referencia ao contraste a nivel de organización política entre a España republicana e a España nacional (desorganización institucional e fragmentación política fronte a cohesión militar e política en torno á figura de Franco)<br>**Uso dos documentos** (ademais do esixido para o notable, na redacción da composición o contido dos documentos emprégase nalgúns destes sentidos):<br><br>-Utilízanse fragmentos do texto para comentar a existencia de rumores de golpe de estado, o antecedente do levantamento do xeneral Sanjurjo ou a indecisión do goberno republicano (doc.1)<br><br>-Incídese na identificación do Exército como medio para a salvación de España e para a restauración da orde pública a través dunha férrea autoridade (doc. 2)<br><br>-Úsase o contido do documento 3 para salientar o apoio recibido polos sublevados malia o acordo de Non Intervención//Tense en conta a ideoloxía do autor do doc.3 á hora de xustificar os efectos da "non intervención" no resultado da guerra.<br><br>**Redacción:** correcta e precisa, facendo uso do vocabulario específico. O texto está ben articulado e argumentado. |

selectividad.academy

Guía completa en selectividad.academy/guia-selectividad
Todo sobre la selectividad

# Selectivitad Academy

Tu academia de selectividad online

Mejor academia online de selectividad

## Prueba sin compromiso

Primera clase gratis. Sin permanencia. Sin letra pequeña.

- Profesores especialistas en cada asignatura
- Clases adaptadas a tu nivel y tus objetivos
- Todos los exámenes oficiales resueltos paso a paso
- Calculadora de nota y guía completa en la web

**623 769 002**

Escríbenos por WhatsApp

**www.selectividad.academy**

→ Calcula tu nota en selectividad.academy/calculadora-selectividad

→ Guía completa en selectividad.academy/guia-selectividad

→ ¿Tienes dudas? Escríbenos sin compromiso

Exámenes oficiales de selectividad recopilados por Selectividad Academy